

Santiago de Compostela, 19 de Setembro de 2018.

Benquerido director, benquerida directora:

Ademáis de trasladarlle os mellores desexos para o curso que comeza quixera animar ó centro que dirixe para que participe activamente nunha iniciativa que consideramos, desde o Departamento de Educación e Cidadanía, como moi interesante, especialmente, para o alumnado do ciclo superior de Primaria. Trátase dunha **Exposición de Embarcacións Tradicionais de Galicia** que baixo a denominación de "**Mariña Seca no Obradoiro**" terá lugar entre os días 1 e 5 de Outubro na praza máis emblemática de Compostela.

O Departamento de Educación e Cidadanía colabora coa iniciativa cun folleto divulgativo que estará á súa dispor na páxina web do Concello ou na propia Exposición, así como cun Programa de Visitas Escolares que coordina a empresa Etnoga e que facilita tres horarios de mañá para dous grupos de aproximadamente 25 alumnos e alumnas.

Tendo en conta que a Exposición é temporal e que están limitadas as visitas, prégoille que á maior brevidade comunique co Departamento de Educación e Cidadanía o seu interese e o número de alumnos e alumnas que participarán a efectos de coordinar con Etnoga a recepción do alumnado por estricta orde de inscrición.

Aproveito para trasladarlles, a vostede e á comunidade educativa do seu centro, un saúdo afectuoso.

Cordialmente,

Manuel Dios Diz
Concelleiro de Educación e Cidadanía.

